

## As sesións

### 21 de Febreiro: Bailarinas Antifascistas

A través da interpretación de materiais fotográficos de arquivo descubriremos as implicacións que mantiveron na loita antifascista sete mulleres que danzaron e loitaron a prol do bando republicano na Guerra Civil Española. As bailarinas antifascistas son: Isadora Duncan, Antonia Mercé, Evelyn Hutchins, Juanita Montenegro, Helen Tamiris, Pearl Primus e Carmen Amaya.

### 28 de Febreiro: Danza e Saúde

Nesta sesión coñeceremos a cronoloxía das Escolas Duncan e o nacemento da danzaterapia. Apoiaremonos sobre textos escritos polas bailarinas Isadora Duncan, María Fux e a pedagoga Fedora Aberastury.

### 13 de Marzo: Danza e Filosofía

Achegarémonos ao tema do corpo desde a proposta que fai o filósofo francés Henri Bergson na súa obra *Materia e Memoria*. Ademais de fragmentos do libro, faremos unha lectura de poemas de May Swenson. O corpo é o medio expresivo da danza, nesta sesión iniciaremonos na observación filosófica do corpo.

### 20 de Marzo: Danza e Espiritualidade

Nesta última sesión falaremos sobre a posibilidade de achegarnos ás dimensións expandidas da conciencia a través da danza. Fundarémonos sobre a seguinte proposta: posicionar a conciencia no corpo, non na mente; o corpo como a autoridade que toma decisións e non a mente. Falaremos de tres elementos: afección, intuición e visualización, e traballaremos co texto da coreógrafa Isabel Ouesta.